



Táboas de mortalidade

Resumo de resultados 14/02/2025

Índice

Introdución.....	1
Táboas de mortalidade.....	1

Introdución

As *táboas de mortalidade* son elaboradas por practicamente todos os institutos de estatística oficial para medir a incidencia da mortalidade, sen ter en conta a estrutura por idades da poboación en estudo. Constitúen un instrumento idóneo para a comprensión de grupos diferentes, resaltando as súas diferenzas e as súas semellanzas.

Están formadas por un conxunto de funcións biométricas aplicadas a unha xeración ficticia de individuos sometidos a un patrón de mortalidade similar ao observado na poboación de estudo durante o período de referencia. Entre as funcións que recolle unha táboa de mortalidade están as probabilidades de morte e supervivencia a cada idade x e, a máis coñecida destas funcións, a *esperanza de vida* en cada idade x , que vén representar o número medio de anos que lle restarían por vivir a un individuo de idade x , de manterse as condicións de mortalidade existentes no período de referencia.

Estas [Táboas de mortalidade](#) están elaboradas para a Comunidade Autónoma de Galicia e as catro provincias galegas, por sexo e por idades simples ("táboas completas"), ata o grupo final aberto de 100 anos ou máis.

Táboas de mortalidade

Esta operación estatística inclúe o dato provisional da esperanza de vida correspondente ao ano 2023, aínda que as táboas de mortalidade aquí presentadas teñen carácter definitivo e están referidas ao ano 2022.

Esperanza de vida ao nacemento. Ano 2022

Unidade: anos

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	83,22	80,38	85,99
- A Coruña	83,14	80,15	86,04
- Lugo	83,15	80,65	85,73
- Ourense	83,48	80,41	86,61
- Pontevedra	83,24	80,54	85,79

Fonte: IGE - Consellería de Sanidade. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Esperanza de vida ao nacemento. Ano 2023

Unidade: anos

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	83,95	80,92	86,89
- A Coruña	84,05	81,04	86,90
- Lugo	83,52	81,02	86,27
- Ourense	83,66	80,78	86,78
- Pontevedra	83,93	80,79	86,96

Fonte: IGE - Consellería de Sanidade. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))


Nota: os datos do ano 2023 son provisionais

Entre 2022 e 2023 prodúcese un incremento da esperanza de vida: segundo os datos provisionais, en 2023 o seu valor foi de 83,95 anos (0,73 anos máis que en 2022).

Por sexos, é maior a esperanza de vida ao nacemento feminina: 86,89 anos para as mulleres fronte a 80,92 anos para os homes en 2023. Entre 2022 e 2023 aumentou o diferencial entre sexos, que pasou de 5,61 anos en 2022 a 5,97 anos en 2023.

Evolución da esperanza de vida ao nacemento. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE - Consellería de Sanidade. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2023 son provisionais

A esperanza de vida aos 65 anos situouse en 2023 nos 22,18 anos; isto é, estímase que, de media, ás persoas que cumpriron 65 anos en 2023 aínda lles quedarían por vivir outros 22 anos máis. Este valor aumentou con respecto ao ano anterior. A esperanza de vida aos 80 anos tamén rexistrou un aumento entre ambos períodos.

Esperanza de vida aos 65 anos. Galicia

Unidade: anos

Tempo	Total	Homes	Mulleres
2,021	21,70	19,39	23,80
2,022	21,42	19,26	23,39
2,023	22,18	19,98	24,14

Fonte: IGE - Consellería de Sanidade. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2023 son provisionais

Esperanza de vida aos 80 anos. Galicia

Unidade: anos

Tempo	Total	Homes	Mulleres
2,021	10,42	9,14	11,34
2,022	10,10	8,96	10,91
2,023	10,84	9,66	11,66

Fonte: IGE - Consellería de Sanidade. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2023 son provisionais

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_T_Mortal_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>